



Integrantes da Promoción 1960-65 da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago visitan o Parlamento

- **Foron recibidos pola presidenta da Cámara, Pilar Rojo, no marco das actividades organizadas para conmemorar o 50 aniversario da promoción**

Santiago, 1 de xuño de 2015.- Un grupo de integrantes da promoción 1960-65 de licenciados en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, visitaron hoxe o Parlamento de Galicia no marco das actividades organizadas para conmemorar os 50 anos da licenciatura.

Os integrantes deste grupo foron recibidos pola presidenta do Parlamento, Pilar Rojo, e efectuaron unha visita guiada á sede da Cámara lexislativa acompañados polo letrado oficial maior da institución.

A comisión promotora dos actos conmemorativos está integrada por Pablo González Mariñas (exdeputado), Juan Bautista Rodríguez Casal, Pedro Pereira Casás e Isidro Losada Martínez.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.